

## **THE STOLEN GENERATIONS**

### **COMENTARIOS**

#### **TEXTO FRAGMENTO 1**

(Saúdo + enunciar tema: preferentemente improvisado e sempre en inversa A-B: frases feitas, véxase Unidade 3)

For those of you unfamiliar with the expression, the ‘Stolen Generations’ is the term commonly used in Australia to refer to the Aboriginal children removed from their parents by State agencies and Church missions over more than a century, spanning approximately 1870 to 1970.

Originally seen as a form of child-welfare, the practice is of course seen by most people today as a gross violation of human rights and has been seen to have wrought considerable damage to Aboriginal families and culture.

### **COMENTARIO**

1. O volume deste treito que engloba dous elementos estruturais diferentes (definición máis valoración) non se presta a unha memorización detallada de todos os elementos numéricos sen risco de perder elementos máis importantes en termos xerais (estrutura e contidos). Hai que optar por unha estratexia consciente mediante a racionalización/razoamento do TO.

2. Eliminar todo o superfluo: ~~‘For those of you unfamiliar with the expression [...] is the term commonly used in Australia to refer to the...’~~ Xogar co non dito e coñecementos do público: Non fai falta explicitar o contexto australiano, pois os aborixes se identifican con Australia sen mención do contrario. 3. Quen é o suxeito/axente e quen é o paciente/obxecto: ‘Estado + Igrexa (axente) / nenos aborixes (paciente)’

3. Integrar enunciación do tema e definición > ‘Hoxe falaremos das Xeración Roubadas, iso é os nenos aborixes sacados das súas familias polo Estado e a Igrexa...’

4. Pódese incluso optar por eliminar o termo ‘técnico’ > ‘Hoxe falaremos dos nenos (e nenas) aborixes sacados das súas familias polo Estado e a Igrexa...’

5. A sintaxe é clara e todos os elementos claramente expresados, polo que se pode pensar no léxico para subir o rexistro e dar maior autoridade (para compensar perda de volume), p.e. ‘sacar’ > ‘arrebatar’

6. Non todos os datos numéricos son esenciais: ‘over more than a century, spanning approximately 1870 to 1970’ > a) ‘durante máis dun século desde 1870’ / b) ‘durante máis dun século até 1970’. Debater cal destas dúas opcións é a mellor. A segunda é mellor por dúas razóns: a data é máis fácil de memorizar por ser máis familiar e; indica que a práctica era recente. No peor dos casos, tamén se podería limitar a ‘durante máis dun século’ ou ‘até 1970’, esperando que volva a aparecer unha segunda oportunidade máis adiante no texto para recuperar a parte perdida de ser preciso.

7. Resumir segunda parte, porque non é o seu lugar, mais non se pode cortar de máis: ~~‘Originally seen as a form of child-welfare...’~~ > ‘Hoxe recoñécese que foi unha violación dos dereitos humanos e resultou prexudicial para a cultura aborixe’. Nótase aquí como a expresión ‘recoñécese’ indica un erro no pasado e unha contraposición coa opinión vertida, polo que non resulta necesario explicitar a primeira parte da frase.

> *Consecutiva final:*

“Hoxe falaremos dos nenos aborixes arrebatados das súas familias polo Estado e a Igrexa durante máis dun século até 1970.

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

Hoxe recoñécese que foi unha violación dos dereitos humanos e resultou prexudicial para a cultura aborixe.”

### **TEXTO FRAGMENTO 2**

According to an Government Report, entitled ‘Report of the National Inquiry into the Separation of Aboriginal and Torres Strait Islander Children from Their Families’, at least 100,000 children were removed from their parents over the sixty-year period spanning 1910-1970 alone, and the true figures may be substantially higher, amounting to between 10-30% of all of the aboriginal children born in that period.

### **COMENTARIO**

1. Redución do esforzo mnemónico: Eliminar o título do informe: non é preciso e ademais resulta altamente improbable que se puider recoller integramente e traducir correctamente, e aínda se fose factíbel sería a custo do resto da información: ~~‘entitled ‘Report of the National Inquiry into the Separation of Aboriginal and Torres Strait Islander Children from Their Families’~~
2. O importante é recalcar que se trata dun informe oficial, polo que resulta ser máis fide digno > ‘Segundo un informe **oficial**..’
3. Esta axilización dos elementos anteriores permite crear espazo cognitivo para non incorrer no erro do falso amigo ‘report’ > \*‘reportaxe’.
4. Esforzo mnemónico rendíbel: Cifra ‘100,000’. Magnitude absoluta & Fácil de manexar e de memorizar (pertence ao código lingüístico e non se ten que converter e reconverter: problema para moitas alumnas) > razóns de peso para quedarse con esta cifra e non a outra no caso de ter que optar pola unha ou pola outra. O impacto e inmediatez desta cifra no público é grande, polo que o esforzo mnemónico resulta mínimo e a contrapartida grande por ser un número redondo.
5. Utilización de marcadores explícitos (neste caso ‘polo menos’) implica, implicitamente sen ter que dicilo: **‘polo menos 100,000’** > ~~and the true figures may be substantially higher~~
6. Fíxense que o período de referencia mudou. Restar esforzos noutras partes fai que sexa máis difícil coller as dúas cifras agora, sobre todo que se sabe de que período máis longo se fala (trátase da última parte do período completo antes citado). Simplificar ~~‘over the sixty-year period spanning 1910-1970 alone’~~ > 1910-1970
7. No caso de cifras que fluctúan entre un mínimo e n máximo, a estratexia consiste en coller sempre a cifra maior, pasando a utilizar a preposición ‘até’: ~~‘between 10-30%’~~ > **‘até 30%’**
8. Evitar léxico innecesariamente complicado. Recortar en frases máis sinxelas e manexábeis: ~~‘amounting to/accounting for’~~ > ‘iso é / ou sexa ...’

#### **> Consecutiva final:**

“Segundo un informe oficial, polo menos cen mil nenos foron arrebatados entre 1910 e 1970, ou sexa até trinta por cento de todos aqueles nados nese período.”

### **TEXTO FRAGMENTO 3**

Although in some cases removals were voluntary, albeit usually uninformed, the report went on acknowledge that the vast majority of children were not voluntarily surrendered by their parents, and in most cases threats, deceptions and brute force were used.

### **COMENTARIO**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

1. Evitar dicir o que non acontece ou casos marxinais para centrarse na maioría dos caos. Iso evitaría perderse en vocabulario difícil. Eliminación > ~~'Although in some cases removals were voluntary, albeit usually uninformed,...~~'
2. Utilización de marcadores explícitos claros ('na maioría dos casos') para indicar o que falta de xeito implícito > "A **maioría** dos nenos foron separados das súas familias..."
3. Tres modus operandi, coller polo menos dous. Cal eliminar e porque? A que máis problemas causas para a súa comprensión e tradución ('deception' > 'engano') p.e. 'ameazas, ~~engano~~ e forza'
4. Xa non fai falta citar o informe: xa foi citado dúas veces como fonte das cifras, de non dicir o contrario o público intuirá que se trata da mesma fonte. Eliminación: ~~'the report went on acknowledge that...'~~

> *Consecutiva final:*

"A **maioría** dos nenos foron separados das súas familias mediante ameazas e pola forza. "

### **TEXTO FRAGMENTO 4**

The report stated that removed children were, in most cases, placed into institutional facilities operated by religious or charitable organisations, although a significant number, particularly females, were placed in foster homes.

The physical infrastructure of missions, government institutions and children's homes was often very poor and resources were insufficient to improve them or to keep the children adequately clothed, fed and sheltered.

### **COMENTARIO**

1. Eliminar referencia repetida ao informe (véxase comentario 4 arriba): ~~'The report stated that...'~~
2. Reorganizar e reagrupar por similitude temáticas, reducindo a complexidade e repetitividade estrutural A-B-A > AAB > AB (véxase Unidade 5, Fragmento 1, Comentario 1)

A) Removed children were, in most cases, placed into **institutional facilities** operated by religious or charitable organisations,

B) although a significant number, particularly females, were placed in **foster homes**.

A) The physical infrastructure of missions, government **institutions** and children's homes was often very poor and resources were insufficient to improve them or to keep the children adequately clothed, fed and sheltered.

>

A) Removed children were, in most cases, placed into institutional facilities operated by religious or charitable organisations. The physical infrastructure of **these** missions, government institutions and children's homes was often very poor and resources were insufficient to improve them or to keep the children adequately clothed, fed and sheltered.

B) although a significant number, particularly females, were placed in foster homes.

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

3. Simplificar mediante hipónimos para destacar o contraste básico entre os dous elementos confrontados: “familias” vs. “centros”: ‘institutional facilities operated by religious or charitable organisations / missions, government institutions and children’s homes’ > ‘centros’
4. Fusionar: ‘Removed children were, in most cases, placed into centres The physical infrastructure of ~~these centres~~ was often very poor and resources were insufficient to improve them or to keep the children adequately clothed, fed and sheltered.’ > ‘A maioría nos nenos arrebatados foron levados a centros cuxos infraestruturas eran moitos veces insuficientes...’
5. Simplificar sintacticamente e lexicalmente: ‘A maioría dos afectados vivían en centros moi deficientes...’
6. Simplificar para non perder o fío: ‘resources were insufficient to improve them or to keep the children adequately clothed, fed and sheltered’ > ‘carecían dos servizos máis básicos’
7. Colocar minoría primeiro para centrarse na maioría mediante marcadores explícitos (aínda que...), AB > BA:

### **> Consecutiva final:**

“Aínda que nalgúns casos, sobre todo as nenas, vivían con familias de acollidas, a maioría dos afectados vivían en centros moi deficientes, carecendo dos servizos máis básicos”

## **TEXTO FRAGMENTO 5**

The incidence of sexual abuse was also found to be disturbingly high in institutions and foster homes, affecting 7% of males and 17,7% of females.

## **COMENTARIO**

1. Cal é o tema? Simplificar para destacar: ‘The incidence of sexual abuse’ > ‘sexual abuse’
2. Referencia implícita ao mesmo informe: identificar e eliminar polas razóns antes expostas: ‘was ~~also found to be~~’
3. Evitar adxectivos superfluos: ‘~~disturbingly high~~’ > ‘high’. Indica a postura do orador (negativa): útil para saber interpretar outros elementos do discurso.
4. Estratexia: Todas as simplificacións anteriores crean espazo e liberan potencial de esforzo para procesar, razoar e, de ser preciso, memorizar datos numéricos (neste caso, porcentaxes).
5. Redondear cifras cando non son exactas, marcando explicitamente (‘case’): ‘17,7% of females’ > ‘case 18% das nenas’ (non procurar variación estilística: ficar con ‘nenos’ e ‘nenas’)
5. No caso de cifras que fluctúan entre un mínimo e un máximo, a estratexia consiste en coller sempre a cifra maior, pasando a utilizar a preposición ‘até’: ‘~~affecting 7% of males and~~ 17,7% of females’ > ‘até case 18% das nenas’ (véxase Fragmento 2, Comentario 7)

### **> Consecutiva final:**

“Os abusos sexuais tamén eran frecuentes, até case 18% de todas as nenas.”

## **TEXTO FRAGMENTO 6**

The aim of the policy was two-fold:

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

A) Firstly, it was intended to integrate Aborigines into mainstream, European Australian culture, which is why half-cast Aborigines were most targeted, seen to be already partly European and therefore easier to 'civilize' than full-blooded Aborigines.

B) And also, by encouraging half-cast Aborigines to intermarry with Caucasians, it was also hoped to gradually reduce the Aboriginal stock, eventually breeding it out of existence.

C) However, despite being intended to integrate Aborigines into mainstream society, figures have revealed that there was no tangible improvement in the social position of "removed" Aborigines as compared to "non-removed", particularly in the areas of employment and post-secondary education, with removed Aboriginal people less likely to have completed a secondary education, three times as likely to have acquired a police record and were twice as likely to use illicit drugs.

### **COMENTARIO**

1. Tramo intencionadamente máis extenso: necesidade de ter moi claro de que se está a falar identificar ideas básicas e simplificar para non esgotarse e ficar con só unha primeirísima parte memorizada sen máis. Cando máis se aplican estratexias de escoita activa, comprensión e simplificación, menos se ten que depender da memoria, polo que se rendibilizará a súa explotación nos casos en que resulta preciso.

2. Enunciar e ter claro as dous obxectivos: A (integración) + B (eliminación)

3. Determinar se o seguinte parágrafo é C ou A+ ou B+. Trátase dun desenvolvemento de A (=A+).

4. Reorganizar e reagrupar por similitude temáticas, reducindo a complexidade e repetitividade estrutural A-B-A > AAB > AB (véxase Unidade 5, Fragmento 1, Comentario 1)

The aim of the policy was two-fold:

A) Firstly, it was intended to integrate Aborigines into mainstream, European Australian culture, which is why half-cast Aborigines were most targeted, seen to be already partly European and therefore easier to 'civilize' than full-blooded Aborigines.

A+) However, despite being intended to integrate Aborigines into mainstream society, figures have revealed that there was no tangible improvement in the social position of "removed" Aborigines as compared to "non-removed", particularly in the areas of employment and post-secondary education, with removed Aboriginal people less likely to have completed a secondary education, three times as likely to have acquired a police record and were twice as likely to use illicit drugs.

B) And also, by encouraging half-cast Aborigines to intermarry with Caucasians, it was also hoped to gradually reduce the Aboriginal stock, eventually breeding it out of existence.

5. Reorganizar B-A para simplificar. Enunciar claramente 'en primeiro lugar', 'en segundo lugar' (marcadores metadiscursivos explícitos):

The aim of the policy was two-fold:

B) **Firstly**, by encouraging half-cast Aborigines to intermarry with Caucasians, it was also hoped to gradually reduce the Aboriginal stock, eventually breeding it out of existence.

A) **Secondly**, it was intended to integrate Aborigines into mainstream, European Australian culture, which is why half-cast Aborigines were most targeted, seen to be already partly European and therefore easier to 'civilize' than full-blooded Aborigines.

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

A+) However, despite being intended to integrate Aboriginals into mainstream society, figures have revealed that there was no tangible improvement in the social position of "removed" Aborigines as compared to "non-removed", particularly in the areas of employment and post-secondary education, with removed Aboriginal people less likely to have completed a secondary education, three times as likely to have acquired a police record and were twice as likely to use illicit drugs.

5. Simplificar B: ‘casar con brancos para ir eliminado a raza’
6. Simplificar A para non learse, deixando cousas entreditas (implicación para o público): ‘integración, polo que se centraba en aborixes con descendentes europeos’
7. Conector lóxico claro e explícito entre A e A+: ‘no entanto, mais, porén...’
8. Simplificar A+: coller exemplos ilustrativos máis chamativos e fáciles de traducir: > ‘menos educación e máis drogas’.
9. Léxico: drogas > drogodependencia.

### **> Consecutiva final:**

“A práctica tiña dous obxectivos: en primeiro lugar, facer casar os aborixes con brancos para ir eliminado a raza negra; en segundo lugar, integrar os aborixes na cultura branca. Mais, non funcionou, tendo, por exemplo, máis problemas escolares e de drogodependencia.”

## **TEXTO FRAGMENTO 7**

Widespread awareness of the Stolen Generations only began to enter the public arena in the late 1980s through the efforts of Aboriginal and white activists, heightened in 1995 with the release of the book *Telling Our Story* by Rob Riley of the Aboriginal Legal Service.

An official public enquiry was finally commissioned in May 1995, lasting 17 months, presided over by Sir Ronald Wilson, the president of the Australian Human Rights and Equal Opportunities Commission, and Mick Dodson, the Aboriginal and Torres Strait Islander Social Justice Commissioner at the Human Rights and Equal Opportunity Commission (HREOC). In April 1997, the enquiry led to the publication of the official report which I have referred to throughout my talk today.

As a result of this report, formal apologies were tabled and passed, first in the state parliaments of Victoria, South Australia, New South Wales, and the Northern Territory, with a formal apology finally passed by the Parliament of Australia on 13 February 2008.

## **COMENTARIO**

1. Máis unha vez, o fragmento é extenso para obrigar a recorrer a estratexias que non dependen da memorización do conxunto, para poder centrar a memoria nas datas puntuais.
2. Non deixarse atefegar pola proliferación de datos numéricos (neste caso, datas): hai que racionalizalas, relativizalas e simplificalas.
3. Simplificar a primeira parte: non importa o nome do autor nin o seu cargo exacto. En todo caso, aínda que se puidesen memorizar correctamente, o que resulta pouco probábel, o esforzo mnemónico que iso suporía mermaría o conxunto da interpretación deste tramo ao esgotar as capacidades no primeiro momento > ‘Comezouse a falar do tema xa nos 80, e sobre todo a partir de 1995 coa publicación dun libro’.
4. Na segunda parte tamén se aplica o mesmo criterio de simplificación ao eliminar os nomes propios e cargos, ficándose coa substancia esencial do bloque de información: ‘An official public enquiry was finally commissioned in May 1995, lasting 17 months, ~~presided over by Sir Ronald Wilson, the president of the Australian Human Rights and Equal Opportunities Commission, and Mick Dodson, the~~

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

~~Aboriginal and Torres Strait Islander Social Justice Commissioner at the Human Rights and Equal Opportunity Commission (HREOC)~~ > ‘Iniciouse unha comisión oficial en 1995 que durou 17 meses’

5. Ademais, pódese quitar os meses que durou, pois xa se di cando foi publicado o informe no seguinte tramo: ‘Iniciouse unha comisión oficial en maio 1995 ~~que durou 17 meses~~’

6. Esta simplificación permitiría traducir correctamente o termo ‘enquiry’ > ‘comisión’

7. Simplificar mediante a eliminación de meses e datas concretas, centrándose nos anos e a relación dos feitos (o mesmo ano, despois, antes...): ‘Iniciouse unha comisión oficial en ~~maio~~ 1995’; ‘in ~~April~~ 1997’ > ‘en 1997’; ‘on ~~13 February~~ 2008’ > ‘en 2008’

8. Relativizar: 1995-1997 = dous anos + díxose que eran 17 meses > ‘case dous anos máis tarde’.

9. Mencionar a referencia metadiscursiva ao informe para reforzar o facto de non o ter explicitado en cada momento: ‘ao que me remitín hoxe’.

10. Centrarse no final máis importante (recoñecemento por parte do goberno central), polo que se pode abreviar o resto (non é mester tentar memorizar os estados, véxase comentario 3). Utilización de marcadores metadiscursivos explícitos (‘finalmente’) > ‘tras se aprobaren mocións similares en varios estados, o goberno central pediu perdón oficialmente en 2008.’

11. Ligar cun nexos os dous bloques ‘a raíz de, grazas a...’

### **> Consecutiva final:**

“Iniciouse unha comisión oficial en 1995 e case dous anos máis tarde publicou o informe ao que me remitín hoxe. Á raíz deste informe, e tras se aprobaren mocións similares en varios estados, o goberno central pediu perdón oficialmente en 2008.”